

CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, PARA OS ANOS 2023 E 2024 (CÓDIGO PROCEDEMENTO MT975P)

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda lanza unha convocatoria de axudas a entidades locais de Galicia co obxecto de implementar medidas de xestión dos residuos domésticos conforme ao esquema de prioridades e ao principio de xerarquía aplicable en materia de residuos. En particular, englobanse aquí actuacións destinadas a potenciar a prevención, recollida separada e valorización dos biorresiduos de competencia municipal coa finalidade de contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados polo actual marco normativo.

Esta convocatoria é de **carácter bianual (2023-2024)** e prevé a posibilidade de que poidan acceder a estas axudas as entidades locais municipais e supramunicipais e as agrupacións de entidades locais de Galicia.

O procedemento que rexerá a concesión das subvencións será o de **concorren-
cia non competitiva**.

As axudas obxecto desta orde estarán cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

O financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas **non excederá o 90% do custo total do proxecto**. A porcentaxe restante, será asumida polo beneficiario/a.

As solicitudes recibidas deben manter a proporción orzamentaria do crédito xerado, polo tanto o importe da subvención solicitada para o **ano 2023 debe ser o 10% do total, para o 2024 será do 90% do total**.

LIÑAS SUBVENCIONABLES

a) Liña 1: Proxectos de implantación , ampliación ou mellora de **recollida separada de biorresiduos** destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (Compostaxe e/ou dixestión anaerobia).

b) Liña 2: Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa **compostaxe doméstica ou comunitaria (*compostaxe in situ*)**.

As entidades locais que cumpran os requisitos para ser beneficiarias de acordo co establecido na orde poderán concorrer a esta convocatoria ao abeiro das dúas liñas subvencionables contempladas nestas bases reguladoras, debendo presentar unha solicitude por cada liña, tendo en conta as contías máximas de axuda establecidas no artigo 5 destas bases reguladoras.

Unha entidade local non pode concorrer á convocatoria de maneira simultánea e para a mesma actuación de maneira individual e a través da entidade supramunicipal ou agrupación na que se integre.

BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarias as entidades locais de Galicia, de conformidade coas competencias que lle correspondan en materia de xestión de residuos para cada unha das liñas subvencionables:

Liña 1: Proxectos de implantación, ampliación ou mellora de recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (Compostaxe e/ou dixestión anaerobia).

Liña 2: Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (*compostaxe in situ*).

ACTUACIÓN SUBVENCIONABLES E REQUISITOS

Serán subvencionables ao abeiro desta liña os proxectos **bianuais** que se executen durante as anualidades **2023 e 2024**, e que teñan por obxecto:

Liña 1: Proxectos de implantación, ampliación ou mellora de recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (Compostaxe e/ou dixestión anaerobia).

Os conceptos subvencionables dentro deste tipo de proxectos, así como os requisitos que deben cumprir os mesmos, son os que se recollen na seguinte táboa:

Conceptos financiados	Requisitos
Caldeiros domésticos de biorresiduos	O caldeiro para a recollida separada de biorresiduos será de tipo aireado e de cor marrón, total ou parcialmente . Deberá incorporar, como mínimo, a identificación (cun adhesivo ou serigrafía) dos materiais que se poden depositar no seu interior. Inclúense tamén os caldeiros domésticos de achega na vía pública para a recollida separada porta a porta de biorresiduos na vía pública.
Bolsas compostables de uso doméstico	Bolsas compostables para a recollida separada da fracción orgánica que deberán cumprir coa norma UNE-EN 13432 . Deberán incorporar, como mínimo, a identificación de que son bolsas compostables específicas para os residuos orgánicos.
Caldeiros comunitarios de biorresiduos	Caldeiros para as comunidades de propietarios. O caldeiro deberá incorporar, como mínimo, a identificación (cun adhesivo ou serigrafía) dos materiais que se poden depositar no seu interior, e deberán ser total ou parcialmente de cor marrón .

Sistemas de achega para o porta a porta	Colgadores e/ou compartimentos de caldeiros ou bolsas individuais ou comunitarios para a recollida porta a porta
Sistemas de identificación de usuario e pesada	Sistemas de identificación de usuario e pesada de caldeiros e contedores e/ou de parede e os sistemas informáticos asociados necesarios (lectores, antenas, software). Non é subvencionable o mantemento, só a adquisición
Contedores para a vía pública	Os contedores para a recollida separada de biorresiduos na vía pública deberán ser, parcial ou totalmente, de cor marrón ou incorporar unha identificación de cor marrón . A resistencia dos contedores será a equivalente ao peso do contedor cheo de materia orgánica e estes deberán permitir a incorporación de sistemas de identificación e pesado. O contedor incluírá unha impresión permanente dos materiais que poden ser depositados no seu interior. Estes contedores deben incluír sistemas e identificación de usuario ou sistemas de peche sen identificación (peche con chave).
Construcións de áreas de achega e control de acceso	Construción de áreas de achega pechadas con contedores dentro destas e control de acceso de usuarios, incluíndo a tecnoloxía necesaria, mesmo para limitar a achega da fracción resto.
Sacas reutilizables para a recollida de restos vexetais	Sacas reutilizables para a recollida separada de restos vexetais. As sacas incluírán unha impresión permanente dos materiais que poden ser depositados no seu interior.

Caldeiros para biorresiduos de grandes xeradores (*)	Deberán ser, parcial ou totalmente, de cor marrón ou incorporar unha identificación de cor marrón . O caldeiro incluírá unha impresión permanente dos materiais que poden ser depositados no seu interior.
Bolsas e fundas compostables para biorresiduos de grandes xeradores (*)	Bolsas e fundas compostables para a recollida separada da fracción orgánica que deberán cumprir coa norma UNE-EN 13432 . Deberán incorporar, como mínimo, a identificación de que son bolsas compostables específicas para os residuos orgánicos.
Campaña de información, difusión e sensibilización á poboación e seguimento do proxecto	As actuacións de formación, información, difusión do proxecto e sensibilización da poboación atendida no proxecto deberán incluír un plan de traballo e unha guía na que se detalle que biorresiduos son obxecto da recollida separada, así como a vixilancia e control.
Camións para a recollida de biorresiduos, preferiblemente non compactadores	O número máximo de camións subvencionables por solicitude será de: • 1 camiión para entidades con menos de 15.000 habitantes, • 2 camiións para entidades con menos de 50.000 habitantes , • 3 camiións para entidades con menos de 100.000 habitantes, • 4 camiións para entidades de máis de 100.000 habitantes Financiaranse camiións que deberán ser eléctricos ou de biogás de orixe renovable, e preferiblemente non compactador. O camiión deberá levar serigrafiado nun lugar visible que é para a recollida separada de biorresiduos.

Campaña de información, difusión e sensibilización aos grandes xeradores e seguimento do proxecto (*)	As actuacións de formación, información, difusión do proxecto e sensibilización dos grandes xeradores atendidos no proxecto deberán incluír un plan de traballo e unha guía na que se detalle que biorresiduos son obxecto da recollida separada, así como a vixilancia e o control.
Nas actuacións que comprendan diferentes fraccións, como campañas de comunicación, peche de contedores, por exemplo, só serán elixibles os custos correspondentes ás % asociadas ás fraccións subvencionadas, o que se determinará considerando as % da bolsa tipo considerada no PXRUG	
(*) Entenderanse por grandes xeradores de biorresiduos os restaurantes, almacenistas, comedores, servizos de restauración colectiva e establecementos de consumo polo miúdo. A entidade solicitante só poderá solicitar financiamento para estes conceptos se xestiona os biorresiduos destes grandes xeradores de conformidade coas súas ordenanzas (conforme á Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, artigo 12, apartado 5.e).	

Non se considerarán conceptos subvencionables os custos do servizo de recollida selectiva, o tratamento dos residuos, así como tampouco os custos de mantemento nin os alugueres.

Liña 2: Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (*compostaxe in situ*).

Os conceptos subvencionables dentro deste tipo de proxectos, así como os requisitos que deben cumprir os mesmos, son os que se recollen na seguinte táboa:

Conceptos financiables	Requisitos
Caldeiros domésticos de biorresiduos	O caldeiro para a recollida separada de biorresiduos será de tipo aireado e de cor marrón, total ou parcialmente . Deberá incorporar, como mínimo, a identificación (cun adhesivo ou serigrafía) dos materiais que se poden depositar no seu interior.
Composteiros domésticos	Composteiros para vivendas unifamiliares con xardín ou horto nos que se depositen e se composten os biorresiduos.
Construcción de áreas de composteiros comunitarios	Construcción de áreas de composteiros comunitarios, ou a parte proporcional de áreas compartidas coa achega doutras fraccións de recollida separada.
Composteiros comunitarios	Composteiros para zonas comunitarias nas que se depositen e composten os biorresiduos. Na contía máxima financiable para os composteiros comunitarios considérase incluídos os importes dos aireadores, termómetros e tamizadoras.
Biotrituradoras	Biotrituradoras para a trituración de material estruturante

Conceptos financiables	Requisitos
Aireadores, termómetros, e tamizadoras para a compostaxe doméstica	Aireadores e termómetros específicos para controlar o proceso de compostaxe e tamizadoras para a cribaxe do compost obtido. Os aireadores, termómetros e tamizadoras da compostaxe comunitaria considéranse incluídos dentro da contía do concepto "composteiros comunitarios".
Actuacións de formación, difusión, e seguimento do proxecto	As actuacións de formación, información, difusión e seguimento deberán incluír un plan de traballo, así como a vixilancia e o control. Entre esas actuacións incluírase unha guía para cada vivenda participante na que se detallen os biorresiduos que poden ser obxectos de compostaxe.

IMPORTANTE:

- **As entidades locais que opten a estas subvencións adquiriran o compromiso firme de implantar a recollida separada e/ou a compostaxe in situ dos biorresiduos, segundo a axuda concedida, como máximo antes do 30 de decembro de 2025.**
- **Será obrigatorio por parte dos beneficiarios das liñas de axudas 1 e 2 a realización dun seguimento da actuación que garanta o cumprimento dos obxectivos marcados no proxecto.**

Non será subvencionable, entre outros conceptos:

- O imposto sobre o valor engadido.
- A redacción das memorias de implantación nin as memorias xustificativas da axuda.

CONTÍA DAS AXUDAS

A subvención será do 90% dos custos totais subvencionables, cos importes máximos establecidos para cada liña subvencionable. A porcentaxe restante será asumida polo beneficiario/a e sempre será compatible co financiamento que os beneficiarios poidan recibir doutras administracións, sempre e cando non supere o custo total do proxecto que se vaia a financiar. O financiamento achegado non é compatible cos Proxectos clima, promovidos a través do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable (FES-CO2).

A axuda económica que se conceda a cada entidade local de forma individual poderá acadar un límite máximo por concello segundo o indicado a continuación para cada liña subvencionable. Para as entidades locais supramunicipais e as agrupacións de entidades locais a axuda económica que se conceda poderá acadar un límite máximo que será a suma do financiamento máximo correspondente a cada concello da entidade local supramunicipal ou da agrupación de entidades locais solicitante, segundo o indicado a continuación para cada liña subvencionable.

Liña 1: Proxectos de implantación, ampliación ou mellora de recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (Compostaxe e/ou dixestión anaerobia), a contía máxima da axuda (excluída a adquisición de camión para recollida de biorresiduos) por entidade establécese en función dos habitantes do concello (INE 2022) a razón de **5 €/habitante**, ata o esgotamento do crédito. No caso de que o concello solicite axuda para a adquisición do concepto subvencionable *"Camións para a recollida de biorresiduos"* o *importe solicitado non se detraerá da contía máxima da axuda correspondente da entidade en fun-*

ción do número de habitantes. Para a adquisición deste concepto subvencionable non se establecen límites máximos debendo o importe solicitado adaptado á realidade do mercado.

Liña 2: Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe *in situ*), a contía máxima da axuda por Concello estableceuse en función dos habitantes do concello (INE 2022) a razón de **4,5 €/habitante**, ata o esgotamento do crédito, sen importar o tamaño da Entidade Local*.

** Na anterior convocatoria do ano 2022, estas contías eran o límite superior da axuda so para concellos de menos de 5.000 habitantes. Agora aplícase este máximo para todas as Entidades.*

SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <http://sede.xunta.gal> (Código de procedemento MT975P).

As solicitudes poderaas presentar individualmente un concello ou conxuntamente máis dunha entidade local, ben sexa por medio de entidades de carácter supramunicipal que pola súa vez teñen a consideración de entidade local, ben baixo a modalidade de agrupación de entidades locais.

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte á publicación da convocatoria no DOG e ata o **30 de outubro de 2023**, ou no seu caso, ata o esgotamento do crédito previsto.

PRAZO DE EXECUCIÓN E DE XUSTIFICACIÓN DOS PROXECTOS

- O período subvencionable será, con carácter xeral, o comprendido entre o **1 de marzo del 2020 e o 30 de decembro de 2024 ambos incluídos.**

Non serán subvencionables os proxectos concluídos materialmente na data de presentación da solicitude. **Entenderase que un proxecto está concluído materialmente cando estea implantado e en funcionamento.**

A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será:

- a) O **30 de decembro de 2023** para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade 2023. Incluíranse neste orzamento as actuacións executadas entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de novembro de 2023, no seu caso.
- b) O **30 de decembro de 2024** para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade 2024.

Unha vez esgotadas as contías máximas fixadas así como, de ser o caso, as ampliacións de crédito efectuadas, e de conformidade co disposto no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e o artigo 32 do seu Regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de Xaneiro, publicarase o esgotamento das contías máximas fixadas e acordarase a inadmisión das posteriores solicitudes; a dita publicación farase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web <http://sirga.xunta.gal>

INFORMACIÓN E CONSULTAS

Para o caso de dificultades técnicas ou no caso de requirir máis información, a Concellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, a través do enderezo de correo electrónico axudas.cmaot@xunta.gal.